



Confederación Intersindical Galega

C.I.G. - AXENCIA TRIBUTARIA**Mesa de Carreira Administrativa
Promoción interna**

Como sindicatos asinantes do Acordo de Carreira Administrativa ,onte fomos convocados á reunión da Mesa de Seguimento.

Nesta reunión a Administración trasladounos as seguintes cuestións:

- Que xa aprobaron a **reclasificación do tramo 0 ao 1** para os subgrupos C1 e C2, que terá lugar con efectos 1 de xaneiro e 1 de marzo, respectivamente. Intentarase pagar os atrasos correspondentes na nómina de abril.
- Informáronnos tamén das **prazas da AEAT incluídas na Oferta de Emprego Público do 2016** así como daquelas que, dentro dos Corpos Xerais de Admón Pública se lles ofertará praza na AEAT (dos Corpos Informáticos e de Estatística (achegamos documento).
- Por último, informáronnos da concesión dun **permiso retribuído de dous días para todos aqueles que se presenten ao exame de Axentes de Facenda Pública** (que será o vindeiro día 16 de abril) e estén anotados no curso de apoio da AEAT. Para aqueles que teñen presentada a instancia para ir ao exame pero non se anotaron ao curso, a AEAT vai matricularlos “de oficio” no curso para que poidan disfrutar tamén deste permiso (achegamos a resolución)
- Por outro lado tamén se nos trasladou a necesidade de realizar un estudo da promoción interna nos termos establecidos no Acordo de Carreira Administrativa (reducción de materias para funcionarios dunha determinada antigüidade, etc).



Confederación Intersindical Galega

Desde a **CIG** vemos moi ben todas aquelas medidas que favorezan a promoción pero tamén comentamos que non nos parece seria a falta de planificación do Departamento de RRHH. Isto tería que terse falado moito antes, pois non é de recibo que, a unha semana do exame veñan dando días de permiso, con compañeiros que xa colleron vacacións, días de asuntos propios ou incluso días sen soldo para estudar, polo que pedimos que se permita a modificación dos permisos e licencias que xa estén concedidos para que todos poidan disfrutar estes días de permiso retribuído sen ter que gastar días de vacacións ou doutro tipo.

Por outro lado, tamén botamos en falta permisos similares para a promoción aos Corpos de Vixilancia Aduaneira, polo que pedimos que éstos se planifiquen coa debida antelación.

Reclamamos tamén que se cubran a totalidade de prazas convocadas, da igual convocar 300 que 500 prazas se ao final quedan vacantes. Isto demostra que hai un problema na organización: cursos con temarios sen actualizar, falta de cursos presenciais, etc.,.

Esiximos tamén a reactivación do Acordo de Carreira pois entendemos que se hai cartos para o PEIA tamén os pode haber para realizar as reclasificacións que nos deben desde o ano 2010.

A AEAT comprometeuse a falar da promoción interna polo que convocará de novo as organizacións sindicais nas próximas semanas.

CIG-AEAT:

DELEGACIÓN AEAT A CORUÑA

TELF:981 61 68 89-EXT.:868 89//FAX 981 12 72 22